

CAMBRE, 31 DE NOVIEMBRE DE 2020

ESTIMADAS FAMILIAS,

Desde o Departamento de Matemáticas do IES Afonso X O Sabio, gustaríanos manter a proximidade convosco e en especial co noso alumnado, nestes momentos tan inusuais para todos.

Iniciamos este curso cunha certa normalidade, seguindo en todo momento as indicacións que as autoridades educativas e sanitarias nos marcaron.

Queremos agradecer a vosa colaboración e o esforzo que supuxo para todos respectar e adaptarse a esta “nova normalidade”.

A experiencia do curso pasado fíxonos pasar a todos momentos difíciles e coa vosa colaboración puidemos superar, durante o confinamento, retos que nunca nos expuxemos.

Queremos utilizar a experiencia adquirida para mellorar e planificar este curso. O noso obxectivo é garantir, na medida do posible, un ensino de calidade adaptada ás circunstancias.

Con este fin previmos as seguintes medidas:

1. CURSOS VIRTUAIS

En funcionamento desde outubro, todos os contidos da nosa materia están dispoñibles on-line nas direccións:

- **1º e 2º de ESO:** <https://eva.edu.xunta.gal/login/index.php>
- **3º e 4º de ESO, 1º e 2º de Bach.:** <https://www.edu.xunta.gal/centros/iesafonsoxcambre/aulavirtual>

Todos o alumnado ten acceso tanto desde a aula física, nas clases presenciais, como online cando non están no instituto.

Ás aulas virtuais pódese acceder desde internet cun computador ou coa app [Moodle](#) desde un móbil ou Tablet. É por iso importante para nós que o alumnado estea familiarizado co uso dos móbiles e integremos, na medida do posible, na nosa materia como unha ferramenta máis de traballo.

2. COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS

A través da app [Abalar Móbil](#) e en titorías on-line programadas (cita previa) a través de WEBEX¹

¹ Plataforma web e App proporcionada pola Consellería de Educación. Non require instalación, é gratuíta e funciona en calquera dispositivo, incluídos móbil e tablets.

3. CLASES ON-LINE

Utilizando o servizo da Consellería de Educación, <https://eduxunta.webex.com/> programaremos clases online **cando NON sexa posible realizalas de xeito presencial**, mantendo o horario habitual das clases presenciais.

O obxectivo é atoparnos, darlles a oportunidade de que comenten como están e sobre todo, facer un seguimento da materia de Matemáticas, explicar nova materia e aclarar dúbidas.

Do mesmo xeito que na aula física, **a asistencia a clase on-line será obrigatoria**.

Para evitar problemas de seguridade como a suplantación de identidade, necesitamos “verlle” a cara ao voso fillo/a, igual que cando estamos en clase fisicamente. Tamén é para nós importante poder comprobar non só que asiste a clase, senón que a segue con aproveitamento. Para iso é imprescindible que a cámara estea acesa. A asistencia e participación nas clases é fundamental para poder adquirir e entender os contidos.

Por este motivo **achegamos, ao final, unha folla para coñecer de antemán as posibilidades técnicas de cada familia e un cuestionario coas autorizacións**.

En caso de non asistir a algunha clase on-line a falta deberá ser xustificada pola familia

QUE NECESITAN OS VOSOS HIJOS E FILLAS PARA PODER PARTICIPAR?

1. Ante todo, a vosa **AUTORIZACIÓN** e consentimento.
2. **Equipamento**: Un computador con cámara ou un teléfono móbil autorizado por vós, con conexión a internet
3. **TEMPO**: 50 minutos por sesión, 1º e 2º de ESO: 3 sesións fixas semanais, resto dos cursos: 2 sesións fixas semanais. A maiores e de forma voluntaria para aquel alumnado que o solicite, unha sesión opcional para consultar e aclarar dúbidas da materia.

Esperando recuperar as nosas rutinas canto antes, saúdavos atentamente

DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS

IES Afonso X “ O Sabio”

INFORMACIÓN E AUTORIZACIÓN FAMILIAR PARA O DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS. CURSO 2020/21

Pola presente,

Nome completo do pai, nai ou titor

Con DNI PAI /NAI /TITOR LEGAL do alumno/a:

Nome completo do alumno/a

CURSO

Grupo

A continuación, **sinale cun só X** a opción que escolla **en cada liña**.

Unha vez entregado o formulario pode modificar ou CANCELAR os seus DATOS e/ou AUTORIZACIONES contactando coa dirección do centro.

SITUACIÓN DO ALUMNO/A

- INFORMO** que o meu fillo/a SI NON dispón de móbil
INFORMO que o meu fillo/a SI NON dispón de ordenador con cámara
INFORMO que o meu fillo/a SI NON dispón de conexión Wifi na casa

En caso de no ter o equipamento necesario pónase en contacto coa dirección do instituto.

AUTORIZACIÓNS CLASES PRESENCIAIS E NON PRESENCIAIS

AUTORIZO que o meu fillo/a SI NON a levar ao centro educativo o seu móbil para empregalo exclusivamente con fins educativos na aula de Matemáticas.

AUTORIZO que o meu fillo/a SI NON asista ás clases online coa **cámara acesa e active micro e cámara no momento que e o profesor/a así llo pida**.

En caso de NON autorizalo, o profesor/a non poderá comprobar nin a asistencia nin o aproveitamento de clase do meu fillo/a.

Se o seu fillo/para ten algunha situación particular que lle impida poñerse diante da cámara rogámoslle pónase en contacto co Departamento de Orientación.

AUTORIZACIÓN VÍDEOS DE TRABALLOS NA AULA VIRTUAL E DIFUSIÓN INTERNA NA PÁXINA WEB DO INSTITUTO

AUTORIZO SI NON ao meu fillo/a a realizar vídeos e enviarllos ao profesor/a, nos que apareza parcialmente a súa imaxe e/ou voz para traballos específicos da materia.

AUTORIZO SI NON que aparezan na aula Virtual OFICIAL ou na páxina web OFICIAL do Instituto, vídeos/imaxes do meu fillo/a cando estes fosen seleccionados gañadores ou destacados polo seu valor educativo.

Sinatura

Lugar e Data